## 1.- DO REVÉS

Letra: Carmen Gil/ Música: Gloria Mosquera
Libro-cd A bruxa Discordia: cancións para a paz

A princesa, desde maio,
é cabaleira a cabalo
e galopa coma un raio.

Como conta unha revista
o lobo é equilibrista
dun circo de dobre pista.

Un, dous, tres
Dalle a volta ao teu conto
Do revés

A bruxa é moi bueniña
e axuda coa súa variña
A quen llo pide axiña.

Ao príncipe valentón
asústao ata un leirón
e foxe se ve o dragón.

Un, dous, tres
Dalle a volta ao teu conto
Do revés

## 2.- MOI CONTENTA Á ESCOLA VOU

MOI CONTENTA Á ESCOLA VOU
AOS AMIGOS HEI DE VER
XOGAREI E APRENDEREI
E CON TODOS CANTAREI

COA MOCHILA PODO BEN
GOMAS LIBROS LEVAREI
UN CADERNO E UN PINCEL
UN AFÍA E PAPEL

## 3.- DESPOIS DAS VACACIÓNS

Vou coa mochila
Toda cargada
Todos os días
Saio de casa

Pasiño a paso
Vou de camino
nenos e nenas
Veñen comigo

Ola me dicen
Ola lles digo
O cole mola
Cantos amigos

Ola me dicen
Ola lles digo
O cole mola
Cantos amigos
En pouco tempo
veñen comigo

Letra: Ana Rosetti

## 4.- O CANECO

**Popular**

**E ZUMBA NO CANECO**
**E NO CANECO ZUMBA**
**E ZUMBA NO CANECO**
**NO CANECO ZUMBA E ZUMBA**

IMOS FACER O MAGOSTO
CASTAÑAS A REVENTAR AGORA
IMOS RECOLLELAS NON SE NOS
VAIAN MOLLAR

POR DEBAIXO DAS CASTAÑAS
CAROZOS IMOS BOTAR
AGORA HAI QUE IR A ATENDELAS
NON SE NOS VAIAN QUEIMAR

**E ZUMBA NO CANECO**
**E NO CANECO ZUMBA**
**E ZUMBA NO CANECO**
**NO CANECO ZUMBA E ZUMBA**

TODOS OS ANOS FACEMOS
XUNTOS UNHA GRAN FESTA

O MAGOSTO DO COLEXIO
É O MELLOR DESTA TERRA
CUCURUCHOS VANNOS DAR
XOGAREMOS CÓS AMIGOS
HAI QUE PELAR AS CASTAÑAS
E COMELAS CON CARIÑO

**E ZUMBA NO CANECO**
**E NO CANECO ZUMBA**
**E ZUMBA NO CANECO**
**NO CANECO ZUMBA E ZUMBA**

## 5.- A CASTAÑA

Canción para pasar obxectos

E A PASO E A PASO
E A VOLVO PASAR
A CASTAÑA VIAXEIRA
NON PODE PARAR
E DE MAN EN MAN
SEMPRE VAI
E DE MAN EN MAN
VAI

6.- O SAMAÍN

HOXE CELEBRAMOS O SAMAÍN
QUE NOUTRO SITIO
LLE CHAMAN HALLOWEEN

TUMBA POR ALÍ
TUMBA POR ALÁ
TUMBA, TUMBA
HA,HA,HA,HA,HA

OS DEVANCEIROS
NOS TEMPOS DE ANTES
POÑÍAN
NAS SÚAS PORTES
CAVEIRAS DE XIGANTES

TUMBA..

CANDO SE ACHEGA O SAMAÍN
PONSE TODO ESCURO
O VERÁN TEN AO SEU FIN

TUMBA…

OS ESQUELETOS PÓÑENSE
A BAILAR
COAS SÚAS CAEIRAS
VANNOS ASUSTAR

TUMBA

HOXE POLA NOITE VASTE DECATAR
CANDO A TÚA PORTE
VAIAN PETAR

TUMBA

NON NOS METEN MEDO
PORQUE TEÑAN PELO
NON NOS METEN
FIXÉMOLAS NÓS

TUMBA

7.- GRADUACIÓN

Música: Mozart

Letra Gloria M Roel

HOXE AQUÍ REUNIDOS NUN DÍA
FELÍZ PORQUE CELEBRAMOS
ADIOS A INFANTIL

VIVA A NOSA ESCOLAE TAMÉN AS
PROFESORAS PAIS E NAIS AVÓS E
AMIGOS SEMPRE ESTAREDES
COMIGO QUE BENVIVAN OS
RECREOSE AS
EXCURSIONSMOITO
APRENDEMOSMAIS XA SON MAIOR

VIVA A NOSA ESCOLAE TAMÉN AS
PROFESORAS PAIS E NAIS AVÓS E
AMIGOS SEMPRE ESTAREDES
COMIGO QUE BEN

8.- **AS MANS**
Letra e música: Gloria Mosquera Roel

COA MIÑA MAN
EU PODO ANDAR
COA MIÑA MAN
SEI SAUDAR
COA MIÑA MAN
EU FAGO AMIGOS
COA MIÑA MAN(BIS)

COAS MIÑAS MANS
EU SEI VOAR
COAS MIÑAS MANS
PODO APLAUDIR
COAS MIÑAS MANS
NON TEÑO FRÍO
COAS MIÑAS MANS
COAS MIÑAS MANS

CON ESTE PÉ
EU SEI PISAR
E COS DOUS PÉS
VOU CAMIÑAR
E A TODOS VÓS
VOU SAUDANDO
COAS MIÑAS MANS,
COAS MIÑAS MANS

**9.- CANCIÓN PARA SENTARSE**

ATENCIÓN, ATENCIÓN
TODOS TODAS ATENCIÓN

CADAQUEN Ó SEU LUGAR
QUE ESCOMENZA A CLASE XA
NA TÚA MESA POÑERÁS
LÁPIS, GOMA E DEMÁIS
ATENCIÓN, ATENCIÓN
CONTO CINCO, ATENCIÓN

CINCO DEDOS DUNHA MAN
CATRO PRIMOS E UN IRMÁN
CINCO DÍAS Á SEMÁN
TEMOS COLE TRAILARÁ
ATENCIÓN, ATENCIÓN
CONTO CINCO, ATENCIÓN

# 10.- O MUNDO É GRANDE

O MUNDO É GRANDE
COMO SABERÁS
E SOMOS TANTOS
¿QUÉN NOS CONTARÁ?
CEN MIL MANEIRAS
DE FALAR
CEN MIL MANEIRAS
DE CANTAR

E NESTE MUNDO
O MESMO SOL
DANOS A VIDA
E DANOS CALOR
OS VENTOS SOPRAN
SEN PARAR
SEXAS DA INDIA OU
PORTUGAL

E CADA UN NACERÁ
NO SEU LUGAR
E SERÁ
O QUE POIDA APRENDER
BOMBEIRO, SURFISTA OU CHOFER

O MUNDO É GRANDE
XA CHO DIXEN XA
E SER DISTINTOS
É DIVERSIDÁ *
DO POLO NORTE
ATA O SUR
DISTINTAS RAZAS
TI VERÁS

O MUNDO É GRANDE
TI MESMO O VERÁS
SER DIFERENTES
NON É CASUALIDÁ*
DISTINTO PELO
DISTINTA COR
OS MESMOS SOÑOS
MESMO AMOR

O MUNDO É GRANDE
COMO SABERÁS
E SOMOS TANTOS
¿QUÉN NOS CONTARÁ?
CEN MIL MANEIRAS
DE FALAR
CEN MIL MANEIRAS
DE CANTAR

**11. XA ME TARDAN ESTES MAGOS**

Xa me tardan estes Magos,
eu non sei onde andarán
sei que os viron camiñando
Polas rúas do Nepal

Onde andarán, non sei onde están.
Xa me tardan xa.
Onde andarán, non sei onde están
Xa – me – tardan – xaaaa.

Onde….

Sei que andan ocupados,
E non paran de dicir
que fagamos menos guerras
que si non deixan de vir

Onde….

Xa me tardan estes magos,
e iso que me portei ben.
din que os viron camiñando
polas rúas de Belén

Onde….

Xa me tardan estes Magos,
eu non sei onde andarán,
non pedin moitos regalos
para que cheguen para os demáis

Onde….

BAILE DE LA PAZ

**Esta es la danza
de la esperanza,
danza capaz
de sembrar paz.
Codo con codo
se puede todo.**

Da un taconazo.
Levanta un brazo
y con salero
mueve el trasero.

Coge la oreja
de tu pareja.
Hazle cosquillas.
Ponte en cuclillas.

**Esta es la danza
de la esperanza,
danza capaz
de sembrar paz.**

Ahora da un brinco,
¡o mejor cinco!,
y tres palmadas
con risotadas.

Luego, al compás,
anda hacia atrás.
Y hacia delante
como un gigante.

**Esta es la danza
de la esperanza,
danza capaz
de sembrar paz.**

Pinta un momento
PAZ en el viento.
Grita un segundo:
"Paz en el mundo".